

Todas as funcións representaranse ás 20:30 h.

Tarifas >

- **Tarifa B**
14,00 - 10,00 - 8,00 - 6,50 euros
 - **Tarifa A**
18,00 - 14,00 - 11,00 - 8,50 euros
 - **Tarifa Especial**
21,50 - 15,00 - 13,00 - 9,50 euros
 - **Tarifa Hamlet**
26,00 - 22,00 - 18,00 - 12,00 euros
- Carné xove, máis de 65 anos, desempregados: -20%

Venda de billetes >

- Despacho de billetes da praza de Ourense de luns a venres (agás festivos) de 9:30 a 13:00 h. e de 16:30 a 19:30 h.
- Despacho de billetes do Teatro Rosalía Castro aberto só os días de función de de 16:00 a 20:00 h.
- Televenda: 902 044 226
Luns a venres de 9:00 a 22:00 h.
Sábados de 14:00 a 22:00 h.
Domingos de 16:00 a 21:00 h.
- web: <https://ticketea.com> (servizo permanente 24 h.)

Pagos >

- Despacho de billetes da Praza de Ourense, do Teatro Rosalía Castro e televenda con tarxeta de débito ou crédito excepto American Express.

Máis información:



e na web:
www.coruna.es/cultura



16/17
DECEMBRO



e ilóxica brutalidade do sistema educativo que dominou a España da postguerra. A escola é o reflexo da sociedade e da súa ideoloxía dominante. E esa ideoloxía decidira poñer ao día o máis profundo patriarcado medieval, e levalo ás súas últimas consecuencias. A muller foi o principal obxecto da empresa moralizadora, pois resulta que a muller estaba naturalmente destinada para o matrimonio e para os labores domésticos. A súa carreira profesional viña ser formar unha familia e ter prole. E niso poñíanse de acordo practicamente todas e todos: a mestra, o cura, os pais, os moralistas, as cupletistas, as escritoras de novelas rosas, e ata as profesoras de ximnasia... En todos os escenarios da acción verase reflectida, ás veces ás claras e ás veces mediante retortos rodeos, que só existían dous tipos de mulleres: as decentes e as outras...

Reparto >
Loli Astoreka / Gurutze Beitia / Teresa Calo / Elena Irureta / Itziar Lazkano

Equipo artístico/técnico >
Dirección escénica **Fernando Bernués / Mireia Gabilondo**
Axudante dirección **Naiara Arnedo**

Escenografía **Edi Naudó**
Iluminación **Xabier Lozano**
Vestuario **Ana Turrillas**

Duración > 90 minutos

Entradas > tarifa A



VENRES 11 / NOVIEMBRE
Feelgood Teatro

LA ESTUPIDEZ
De Rafael Spregelburd

O que ocorre en Las Vegas, non sempre queda en Las Vegas. *La Estupidez* é unha obra de Rafael Spregelburd que versa sobre a fragilidade da intelixencia nos tempos que corren. Un grupo de persoas tenta facerse rica en Las Vegas. Un método matemático para gañar á ruleta garda relación coa temible ecuación matemática que encripta o segredo da Apocalipse. Dous criminais deben vender un cadro antigo roubado antes de que se acabe de deteriorar por completo. A mafia siciliana fabrica unha nova estrela do pop e uns policías motorizados viven unha intensa historia de traizóns.

Todo isto ocorre ao mesmo tempo. E en Las Vegas. Sorte de road-movie, pero en formato teatral, *La Estupidez* naceu como un encargo a Spregelburd en agosto de 2000 polo prestixioso Deutsches Schauspielhaus de Hamburgo. A partir de aí, a obra espertou curiosidade e interese en diversos ámbitos: recibiu o Premio Tirso de Molina en España en 2003. Foi seleccionada para a súa tradución polo National Theatre de Londres, e representouse en numerosas

11
NOVIEMBRE



prazas importantes en todo o mundo, como a Schaubühne de Berlín, o Theaterhaus de Stuttgart e o Teatro Helénico de México, entre outros.

La Estupidez é parte da Heptalogía de Hieronymus Bosch, un grupo de sete obras sobre o tema dos pecados capitais. Parte do atractivo do espectáculo é que os cinco actores do grupo dan vida aos 24 personaxes. O que ocorre en Las Vegas, non sempre queda en Las Vegas.

Reparto >

Fran Perea John, Mr. Bancroft, Oficial Wilcox, Brad Finnegan, Ken
Toni Acosta Emma Toogood, Laetitia, Jane, Berta
Ainhoa Santamaría Susan, Maggie, Ivy, Veronica Aldgate, Flo Cohen
Javi Coll Oficial Zielinsky, Robert Finnegan, Martin, Lee Okazu Buckley, Carlo Bonelli
Javier Márquez Richard Troy, Ralph, Oficial Davis, Lino Venutti, Donnie Crabtree
Carlos Hipólito Colaboración especial voz en off

Equipo artístico/técnico >
Director **Fernando Soto**
Axudante de dirección **Laura Ortega**

Deseño escenografía **Elisa Sanz**
Deseño iluminación **Juan Gómez-Cornejo**
Deseño vestuario **Arantxa Ezquerro**
Música e espazo sonoro **David Angulo**

Duración > 3 horas (con intermedio)

Entradas > tarifa A

SÁBADO 10 / DECEMBRO
Sarabela Teatro
ENSAIO SOBRE A CEGUEIRA
De José Saramago


Unha epidemia súbita causa aos habitantes dunha cidade sen nome unha cegueira branca, descoñecida, que se expande de maneira fulminante polo país. Internados en corentena ou perdidos na cidade, os personaxes viven con intensidade o amor, o odio, a crueldade, a indiferenza e o medo.

A epidemia non se detén e os ollos da única muller non afectada serán testemuña excepcional do inferno provocado pola fame, a sucidade, a infamia e a aldraxe sexual. Fantasía e realidade entretecidas nunha impresionante parábola do tempo que vivimos. Recuperar a lucidez e rescatar o afecto son dúas propostas fundamentais desta obra que é, tamén, unha reflexión sobre a ética do amor e a solidariedade.

Reparto >

Jorge Casas Primeiro cego, ladrón
Elena Seijo Ministra de sanidade, camareira, veciña
Sabela Gago Muller do primeiro cego
Xavier Estévez Secretario do ministerio, soldado, home do parche, ladrón
Fernando Dacosta Oftalmólogo, ladrón
Nate Borrajo Muller das lentes escuras

10
DECEMBRO



Josito Porto Home dous, xefe dos ladróns, visionario
Fina Calleja Muller do oftalmólogo
Vicente Montoto Escritor

Equipo artístico/técnico >

Dramaturxia e dirección
Anxeles Cuña Bóveda
Deseño de escenografía **Suso Montero**
Deseño de iluminación **Baltasar Patiño**

Duración > 80 minutos

Entradas > tarifa B



VENRES 23 / DECEMBRO
Redrum Teatro
NOITEBOA
De Alex Sampayo e Borja F. Caamaño

Chega o Nadal a Compostela e con el os agasallos, as panxoliñas, as ceas en

23
DECEMBRO



familia e o xa tradicional rapto do Neno Xesús da Praza do Obradoiro.
Ninguén debería ceas só en Noiteboa e por iso Mariví fará todo o posible para que durante unhas horas, Arturo, Nico e máis ela sexan unha familia de verdade.

Reparto >

Ernesto Chao / Mela Casal / Guillermo Carbajo

Equipo artístico/técnico >

Dirección **Alex Sampayo**
Espazo escénico **Suso Montero**
Iluminación **Carlos Álvarez-Ossorio**
Producción e distribución **Redrum Teatro**

Duración estimada > 75 minutos

Entradas > Tarifa B



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

TEATRO
ROSALÍA CASTRO
[A CORUÑA]





23/24 SETEMBRO

VENRES 23 / SÁBADO 24 / SETEMBRO

Produción de Teatro de la Abadía e Lazona

LA RESPIRACIÓN

De Alfredo Sanzol

“Son unha náufraga na miña propia cama”.- *La Respiración* parte dun feito dramático, a separación dunha muller que leva 15 anos coa súa parella e ve como un día da noite para a mañá, todo se acaba. Nagore (Nuria Mencía) vén sufrindo a perda desde hai un ano e sente que está en crise, non se aclara, non sabe que facer, segue botando de menos moito ao seu ex. A súa nai (Verónica Forqué) aparece entón en escena e actívale a conciencia cos seus consellos, suxírelle que se deixe levar por unha fantasía, que entre noutros mundos, que descubra outras posibilidades. *La Respiración* é un agasallo para todos os que teñan visto o pavillón da súa autoestima no máis alto grazas ao amor. Para todos os que teñan visto o pavillón da súa autoestima no máis baixo grazas ao amor. Para todos os que conseguiran que a posición

do pavillón da súa autoestima non dependa de ninguén.

Reparto >
Pau Durà / Verónica Forqué / Nuria Mencía / Pietro Olivera / Camila Viyuela / Martiño Rivas

Equipo artístico/técnico >
Dirección **Alfredo Sanzol**
Música **Fernando Velázquez**
Escenografía e vestuario **Alejandro Andújar**
Deseño de Iluminación **Pedro Yagüe**

Duración estimada > 100 minutos

Idade recomendada > + de 14 anos

Entradas > tarifa E



VENRES 7 / SÁBADO 8 / OUTUBRO

Coprodución de Teatro del Barrio, Teatro del Temple e La Rambleta

LAS GUERRAS CORRECTAS

De Gabriel Ochoa

A noite do 9 de xaneiro de 1995 ocorreu. Ninguén pensaba que aquela entrevista fora levantar tantas bochas. Pero fíxoo. Aquilo marcou un antes e un despois na política española, e talvez, un antes e despois nas súas vidas, e sobre todo, na súa relación. Esta é a historia dramatizada da entrevista entre Iñaki Gabilondo e



7/8 OUTUBRO

Felipe González no estudio de TVE cun tema central: o GAL e o señor X. A historia sobre aqueles trinta minutos onde o estudio botou físcas, como literalmente me confesou Iñaki Gabilondo. Puiden conversar con Jordi García-Candau (director de RTVE naquel momento) e con Iñaki Gabilondo sobre a entrevista e as súas consecuencias. Tras a charla antes de irme Iñaki díxome: “Gabi, cando fales con Felipe, por favor, chámame”. Quero saber que pensa el?. A día de hoxe, aínda estou a esperar. Nin Felipe González nin Alfredo Pérez Rubalcaba, que acompañou a Felipe nesa entrevista, me recibiron. Case 20 anos despois daquela entrevista non me resisto a pensar que o que ocorreu pasou como se relata nesta ficción, pero o que aquí acontece é pura invención. E nese territorio debería quedar.

Gabriel Ochoa

Reparto >
Manolo Sóló / Luis Callejo / César Tormo / Chani Martín

Equipo artístico/técnico >
Dirección **Gabriel Ochoa**
Iluminación **Raúl Baena**
Produción, vestuario e elementos escenográficos **Teatro del Barrio**

Duración estimada > 80 minutos

Entradas > tarifa A



VENRES 14 / SÁBADO 15 / OUTUBRO

Coprodución de Butacazero con Emedous Produccións

VOAXA E CARMÍN

De Esther F. Carrodegas

Premio Abrente de textos teatrais 2015

Maruxa e Coralía saen da casa, como cada día, maquilladas ate a extenuación e vestidas a toda cor dispostas a dar o seu habitual paseo das dúas polas rúas de Compostela. Pasear, saudar, mercar Sansón e galletas María, piropear aos mozos, insultar ás mozas... Todo parece transcorrer sen cambio algún. Porén, hoxe non vai ser un día coma os outros: Coralía empurra a Maruxa a fuxir das súas rutinas, tentando cumprir os seus soños. Arrancará así unha viaxe que abrirá feridas de guerra que volverán doer coma o primeiro día.

Reparto >
Mabel Rivera / Belén Constenla

Equipo artístico/técnico >
Dirección **Xavier Castiñeira**
Videocreación **Roi Fernández**
Escenografía **Marcelino de Santiago ‘Kukas’**



14/15 OUTUBRO

Iluminación **Javier Quintana**
Vestuario **Mari Seoane**
Produción **Julio Perugorria / Esther F. Carrodegas**

Duración > 80 minutos

Entradas > tarifa B




VENRES 21 / SÁBADO 22 / OUTUBRO

Ron Lalá en coprodución coa CNTC

CERVANTINA

Versións e diversións sobre textos de Cervantes

Cervantina é unha nova aproximación de Ron Lalá ao universo creativo do maior autor das nosas letras. Textos diversos, versos, versións e diversións ao redor dun dos xenios indiscutibles da literatura universal. Unha festa de pezas breves que reúne sobre o escenario as adaptacións “ronlaleras” dalgunhas novelas exemplares



21/22 OUTUBRO

e entremeses, ademais de fragmentos de pezas menos coñecidas como o *Persiles*, *La Galatea*, *El Viaje del Parnaso*. Unha homenaxe e un encontro co arte lúdico, lúdico, hilarante e profundamente humano do autor do Quixote... entre outras obras mestras que urxe redescubrir. Unha celebración do mellor Cervantes, eterno e próximo, con sabor ao inconfundible selo de Ron Lalá. Despois do rotundo éxito internacional de *En un lugar del Quijote*, a compañía dá un paso máis na súa exploración do mundo literario cervantino a través das ferramentas da súa linguaxe escénica: o humor, a poesía, o ritmo desenfreado, a música en directo...

Reparto >
Juan Cañas Cañazares / Músico / Carrizales / Vella xitana / Paciente / Secretario / Doutor / Monipodio
Miguel Magdalena Leonora / Músico / Don Juan / Paciente / Doctor / Rinconete
Álvaro Tato Carducha / Cervantes / Músico / Padre / Sastre / Obreiro / Criada / Doutor / Arrieiro / Maniferro / Cariharta
Daniel Rovalher Preciosa / Músico / Loaysa / Xitano / Paciente / Doutor / Cortadillo
Íñigo Echevarría Musa / Músico

/ Técnico / Criada / Correxidor / Paciente / Doutor / Sacristán / Chiquiznaque / Repolido / Apolo

Equipo artístico/técnico >
Dirección **Yayo Cáceres**
Dirección musical **Miguel Magdalena**
Vestuario **Tatiana de Sarabia**
Iluminación **Miguel A. Camacho**
Escenografía e atrezzo **Carolina González**
Versión, música e arranxos **Ron Lalá**

Duración > 90 minutos

Entradas > tarifa A



VENRES 4 / SÁBADO 5 / NOVEMBRO

Kamikaze Producciones en coproducción coa CNTC

HAMLET

De Shakespeare

Enfrontarse a *Hamlet* ten algo suicida, o que non é unha mala premisa de partida nin para min, que son un Kamikaze, nin para o Príncipe, cuxa conciencia anela en non poucas ocasións matarse para deixar de sufrir. Pero como di Harold Bloom, Hamlet «ten unha mente tan poderosa que as actitudes, os valores e os xuízos máis contrarios poden coexistir dentro dela coherentemente». O ser e o non ser a un mesmo tempo e de forma tan ilimitada como el mesmo é capaz de ser pensado, o soño dunha conciencia infinita. Un poema ilimitado habitado por un personaxe ilimitado sobre un escenario que é puro espazo mental.



4/5 NOVEMBRO

¡Alto! Se o sigo pensando, tal vez sexa incapaz de seguir adiante... Ou tal vez siga adiante e non sexa capaz de pensar. A contradición non fixo máis que empezar. Agárrome á frase de Nietzsche: «Contradicete a ti mesmo! Para vivir é necesario permanecer dividido». Miguel del Arco

Reparto >
Israel Elejalde Hamlet
Ángela Cremonte Ofelia
Cristóbal Suárez Laertes / Rosencrantz / Fortinbrás
José Luis Martínez Polonio / Enterrador 1 / Osric
Daniel Freire Claudio
Jorge Kent Horacio / Guildenstern / Reinaldo / Enterrador 2
Ana Wagener Gertrudis

Equipo artístico/técnico >
Dirección e versión **Miguel del Arco**
Axudante de dirección **Aitor Tejada**
Vestuario **Ana López**
Música **Arnau Vilà**
Vídeo **Joan Rodón**
Son **Sandra Vicente**
Iluminación **Juanjo Llorens**
Escenografía **Eduardo Moreno**

Duración > 2 horas 40 minutos

Entradas > tarifa Hamlet



VENRES 18 / SÁBADO 19 / NOVEMBRO

Teatro de Ninguers

UNHAS POUCAS PICADELAS

De Laila Ripoll

En *Unhas poucas Picadelas*, a autora afonda no terreo da violencia de xénero e, de maneira moi concreta, na violencia que exercen os homes sobre as mulleres: violencia machista. A orixinalidade da súa proposta radica en que non hai unha historia concreta ou, mellor dito, a aparente falta de historia, de narración, semella convidarnos a dar cabida a miles de historias reais e anónimas, todas as historias de violencia machista que acaban en asasinato e todas as que, sen morte física, acaban aniquilando vidas. É unha obra de imaxes contemporáneas de ánimas en pena, algunhas iluminadas polos medios de comunicación, mais a maioría, agochadas pola escuridade do anonimato. O detonante da peza é un recorte dun xornal que narra a nova do que foi un asasinato dunha muller por parte da súa parella, ou como se lle queira chamar a este tipo de homes. Isto deu lugar ao cadro homónimo de Frida Khalo de 1935, no que se ve unha muller tendida sobre unha cama co corpo perforado polo coitelo dun home que mira para ela. Destila o título a idea de que “non foi



18/19 NOVEMBRO

para tanto”, vaia, que non foron máis ca unhas poucas picadelas... Curioso, pero real. Parece que a culpa de morrer é de quen morre...

Reparto >
Casilda Alfaro Ela
Machi Salgado El
Pepa Barreiro Voz en off

Equipo artístico/técnico >
Dirección **Etelvino Vázquez**
Deseño escenografía **Pablo Giráldez**
“O Pastor”
Composición Musical **Anxo Graña**
Deseño Vestuario **Julia Abal**
Deseño Iluminación **Salvador Del Río**
Axdte Dirección **Pepa Barreiro**

Duración > 70 minutos

Entradas > tarifa B



Equipo artístico/técnico >
Dirección **Iñaki Rikarte**
Axudante de dirección **Alberto Huici**
Escenografía **Ikerne Gimenez**
Vestuario **Ikerne Gimenez**
Música e espazo sonoro **Iñaki Salvador**
Deseño de iluminación **Xabier Lozano**
Deseño gráfico **Antza**

VENRES 2 / SÁBADO 3 / DECEMBRO

Vaivén Producciones

HAPPYEND

Creación colectiva

HappyEnd é unha asociación clandestina que proporciona a suicidas axuda para levar a cabo o seu propósito. A cambio de axudar a suicidarse previamente a outra persoa, *HappyEnd* comprométese a atopar a outro individuo que lle asista no momento definitivo. A Asociación floreceu ao amparo da crise, pero ultimamente, os brotes verdes e un optimismo crecente provocaron que os suicidas empecen a escasear. É dicir, mentres o mundo sae da crise, *HappyEnd* entra nela... O conflito que move a acción é que o teléfono deixa de soar cando Ainhoa, unha suicida que cumpriu a súa parte do trato, agarda impaciente a que Gabriela, a coordinadora da Asociación, lle proporcione un asistente. Os requisitos que se han de cumprir para entrar en *HappyEnd* son moi estritos, pois é unha asociación que se vanagloria de non ter tacha moral. Pero dadas as circunstancias, tal vez sexa preciso facer unha excepción con Martín...

Reparto >
Martin **Xabi Donosti**
Gabriela **Vito Rogado**
Ainhoa **Ana Pimenta**

Equipo artístico/técnico >
Dirección **Iñaki Rikarte**
Axudante de dirección **Alberto Huici**
Escenografía **Ikerne Gimenez**
Vestuario **Ikerne Gimenez**
Música e espazo sonoro **Iñaki Salvador**
Deseño de iluminación **Xabier Lozano**
Deseño gráfico **Antza**



Duración > 90 minutos

Entradas > tarifa B

VENRES 17 / SÁBADO 18 / DECEMBRO

Tanttaka Teatroa

EL FLORIDO PENSIL NIÑAS

De Andrés Sopena, adaptación teatral Kike Díaz de Rada

¡Regresa *El Florido Pensil*! Pero... NENAS. Si, outra vez *El Florido Pensil* porque volvemos á mesma escola; aquela cuxas aulas estaban presididas pola Santísima Trindade do Crucifixo, a foto do Caudillo e a de José Antonio. Pero, esta vez imos entrar pola porta que tiña gravado no dintel un cartel que rezaba NIÑAS. Eran dous mundos paralelos tan próximos como distantes, dous universos encerrados no mesmo edificio con dous propósitos (des)educativos moi diferentes... É a historia do día a día de cinco raparigas sometidas á absurda

